

Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido

Tlf. 981411000 Fax 981411027

www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA A DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DIA VINTE E OITO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL ONCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás dezoito horas e trinta e cinco minutos do serán do día vinte e oito de novembro de dous mil once, reúnese en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Don Juan José Ramos Prieto, Dona María José López Lamigueiro, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmoris Aldao, Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Cándido Eusebio Prieto Lago e Don Roberto Oscar López López, baixo a Presidencia de D^a Ana Rodríguez Montero como Alcaldesa. Actúa de Secretaria Dona Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debate-los asuntos da orde do día:

1. PLAN DE OBRAS E SERVIZOS 2012. Lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Unha vez recibida a circular da Excma. Deputación da Coruña, sobre a elaboración do Plan de Obras e Servizos 2012, e motivado pola necesidade de realizar investimentos de melloras viarias en todas as parroquias do Concello, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte ACORDO: Primeiro: Aprobar o Plan de investimentos Municipais para o ano 2012 no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar no POS 2012 integrado polas seguintes obras e de acordo coa financiamento que se indica: A) Realización de obras

	Nº de orden e Denominación	Importe Total	Estado + Deputación	Concello
1º	Camiño Cruz dos Novás A Pena Casavide Estrada Xeral (Cerdido) e outros	51.693,18	49.108,52	2.584,66 €
2º	Camiño a Paineira – Cabanas (A Barqueira) e outros	40.061,73 €	38.058,64 €	2003,09 €
	TOTAL	91.754,91 €	87.167,16 €	4.587,75 €

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade do 2010 e que se relacionan nesta táboa. B) **Financiamento de gastos correntes**

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	30.095,95 €
---	-------------

C) **Resumo:**

Denominación de obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
Subtotal de obras	87.167,16€	4.587,75€	91.754,91 €
Subtotal gastos correntes	30,095,95 €		30,095,95 €
Total	117.263,11 €	4.587,75 €	121,850,86 €

Segundo: Aprobar o **Plan complementario ó 2012** no que se inclúen as obras que a continuación se indican


	Nº de orden e Denominación	Importe Total
1º	Camiño Pontellas-Penadobico- Cruce Casaldegonce (Cerdido) e outros	31.214,39 €

Terceiro: Declarar que o Concello dispón de terreos, augas e servidumes para a execución das obras e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias. **Cuarto:** Comprometerse o Concello a incluír no Presuposto municipal 2012 os fondos necesarios para facer fronte a aportación municipal das obras incluídas na anualidade do 2012. **Quinto:** Solicitar da Excm. Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello para a contratación e a execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente. **Sexto:** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento. **Sétimo:** Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. **Oitavo:** Facultar expresamente a Sra. Alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente. Cerdido, 22 de novembro de 2011. **Os membros do pleno por unanimidade aprobaron a proposta anterior.**

A **Alcaldesa** toma a palabra para explicar sucintamente os contidos dos proxectos de obras presentados e explicar que como novidade deste ano deixouse unha cantidade que ronda os 30.000,00 € para financiar gastos ordinarios para poder manter algúns servizos.

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro toma a palabra para afirmar que lle chama a atención que nos proxectos de obra se deixen sobreanchos ou abanicos nas pistas e solicita que se lle aclare onde empezan e rematan estes abanicos, así mesmo solicita que se leve un control da xestión dos residuos producidos nas obras dado que existen varias partidas adicadas a tal fin e que non se volva a repetir o que pasou noutras obras e pasa a solicitar a aclaración dalgúns partidas das obras que se relación deseguido, ata onde chega o camiño de Regueirolongo? hai unha pista que se levanta 10 cm, cal e?, no Covelo existe unha partida para asfaltar 50 metros, ata onde chega?, e solicita saber si vai a asfaltar os currais, a Ponte no río como se vai a ampliar e pregunta si se pensou realizar o muro doutro material distinto do granito para abaratar custos, e solicita saber cantas capas de rego asfáltico levan as pistas, así mesmo cree convinte unificar no proxecto do POS 2012, algunha das pistas que aparecen no POS adicional dada a súa proximidade xeográfica dado que así reduciríase custo o contratista e a baixa seria maior. Os gastos xerais a que se van a dedicar e pregunta sobre cal vai a ser o sistema de contratación e si se vai a convocar a mesa de contratación e solicita que para facilitar a transparencia do procedemento se lle avise a que tres empresas invita.

A **Alcaldesa** afirma que o camiño de Regueirolongo empeza no cruce e vai ata a casa de Pardo, tamén se contempla unha canalización dunhas augas dunha fonte e solucionar o problema de que a casa esta moi baixa. No Covelo vaise asfaltar ata os cabanóns e so se vai a asfaltar o que esta agora asfaltado, a ponte no río vaise a ampliar, fundindo unha placa e en relación o muro foi o técnico o que dispuxo que debería der dese material, en canto as capas asfálticas pensa que se lle botan dúas capas as pistas, en relación as obras do Pos 2012 entende que as pistas que se incluíron son as que teñen mais necesidade. Os gastos xerais vanse adicar a gastos correntes do concello e o sistema de contratación a empregar será a invitación a tres empresas da zona que están moi necesitadas de traballo.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027

www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

2.- AMPLIACIÓN DA CESIÓN DE USO E DESFRUTE DAS ESCOLAS DO CASTRO E AVISPEIRA. Lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Logo da solicitude formal ante a Subdirección xeral de centros e comunidades Galegas para coñecer as persoas que representan á sociedade Hijos del Ayuntamiento de Cerdido sen ter contestación algunha e dado o remate do período de cesión dos locais situados nas escolas do Castro e na escola de Avisperia e posto que Don Bernardino Breijo Freire é o apoderado da Sociedade Hijos del Ayuntamiento de Cerdido a presentou con data 17/4/2009 a proposta de ampliación da cesión en similares términos do asinado en 1996, esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo: **Primeiro:** Aceptar a cesión gratuíta do uso e desfrute polo Concello de Cerdido en similares términos dos xa cedidos segundo acordo asinado o día 6 de novembro de 1996. **Segundo:** Os termos da cesión serán os seguintes: Se ceden os edificios e locais das antigas escolas de Cerdido, situadas no lugar do Castro e as de A Barqueira no lugar de Porto, por término de trinta anos, co fin de que poidan realizar nas mesmas cantas obras e reformas considere oportunas a fines meramente sociais e culturais, ben con os seus propios fondos ou os que a Deputación Provincial da Coruña e outros organismos poidan aportar para levar a cabo as obras necesarias. Non poderán ser estes locais destinados a ningún outro fin que non sexa ó indicado. As actividades e obras realizadas reverterán principalmente en beneficio dos habitantes do Concello de Cerdido, como así era la intención da sociedade “Hijos del Ayuntamiento de Cerdido” (antes Pía Ancha). Terá dereito para facer uso das mesmas, para calquera acto social ou cultural, as entidades que colaboren na mellora das instalacións..Serán por conta do Concello todos os gastos de conservación e mantemento. O incumprimento das anteriores estipulacións será motivo de rescisión do uso e desfrute que se acorda. **Terceiro:** Formalizar este acordo nun convenio de cesión, facultando a Sra. Alcaldesa para a súa sinatura. Cerdido, 21 de novembro de 2011.

A Alcaldesa. Asdo. Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior.** Seis votos a favor dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Dona María José López Lamigueiro, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmoris Aldao, e Don Roberto Oscar López López, así como o voto da Alcaldesa D^a Ana Rodríguez Montero, e tres abstencións dos Concelleiros Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Cándido Eusebio Prieto Lago.

A Alcaldesa explica que as escolas foron feitas pola Asociación Pía Ancha e D. Bernardino Breijo ten o poder desta asociación e unha vez rematado o prazo de quince anos se pretende ampliar ata 30 anos a cesión das escolas, logo de varios intentos para localizar a asociación en Cuba, por escrito non nos concretaron nada

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro, solicita copia do poder e entende que é unha cabezonería desta persoa o limitar o uso das escolas. E pregunta si o poder limita para usos sociais as escolas

O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago solicita saber si por telefono se lle informou de algo.

A Alcaldesa contesta que lle dixeron que nalgún momento se lle deu unha subvención por parte da Xunta pero que non concretaron en que data e afirma que o propio poder limita o uso social das escolas.

O Concelleiro D. Roberto O. López López afirma que o que había que conseguir era que o apoderado da asociación fora o propio concello como institución para poder xestionar así as escolas segundo os intereses municipais e engade que sería interesante localizar os representantes actuais da asociación.

E, non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as dezasete horas e vinte minutos do día vinte e oito de novembro de 2011. Do que eu como Secretaria DOU FE:

A Secretaria

A Alcaldesa

Asdo. Paula Diaz Tie

Asdo. Ana Rodriguez Montero